



Expediente número: 354/2017

**Sesión Ordinaria 01/2017 celebrada polo Pleno do Concello
o día 26 de xaneiro de 2017**

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria número 19/2016 do 29/12/2016**
- 2. Dar conta dos Expedientes de Modificacións de crédito: 19/2016.TC08/16 e 01/2017.GC01/17**
- 3. Aprobación das Subvencións Nominativas.**
- 4. Declaración Institucional do Concello de Redondela polo Aniversario do nacemento de Rosalía de Castro.**
- 5. Actividades de control do pleno.**
 - 5 . 1 Dar conta das resolucións de alcaldía.**
 - 5 . 2 Solicitudes de comparecencia.**
 - 5 . 3 Mocións.**
 - 5 . 4 Rogos e preguntas.**

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 18 de xaneiro de 2017, e sendo as vinte horas do 26 de xaneiro de 2017 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Ángela Antón Pazos, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Isaac Borja Araújo Figueroa, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago e Xoán Carlos González Campo.

Excusou a súa ausencia a concelleira Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

O Alcalde fai un receso ás 22:15 e reanúdase a sesión ás 22:35 horas.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria número 19/2016 do 29/12/2016.

Dase conta do borrador da acta da sesión ordinaria núm. 19/2016 do 29/12/2016.

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



2. Dar conta dos Expedientes de Modificacións de crédito: 19/2016.TC08/16 e 01/2017.GC01/17

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 19/2016.TC08/2016 mediante a transferencia de crédito por importe de 91.926,09 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 30.12.2016.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 01/2017.GC01/2016 mediante a generación de crédito por importe de 219.541,34 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 04.01.2017.

O Concello Pleno quedou enterado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

3. Aprobación das Subvencións Nominativas.

ANTECEDENTES:

A concelleira AMOEDO DASILVA da conta de que tralas conversas habidas con outros grupos acordouse rectifica-la proposta dictaminada pola comisión de Facenda a fin de non causar perxuízos a asociacións que xa teñen programadas as súas actividades para datas próximas e precisan dos fondos destas subvencións para financiarlas deixando o resto para poder estudialas polo miúdo e traelas se cadra ao seguinte pleno. Xa que logo a proposta queda como sigue:

"Vista a Proposta da Presidencia, de data 19 de xaneiro de 2017, que transcrita di:

“Asunto: incoación de expediente de modificación de subvención nominativa.

Que o Orzamento do ano 2016 aprobouse o día 30 de decembro de 2015 e foi publicado no BOP de 15 de febreiro de 2016, número 30.

Para este ano, dito Orzamento atópase prorrogado, sen que, salvo excepcións xustificadas, non se prorrogaron as subvencións nominativas.

Na prórroga orzamentaria non constan os créditos precisos para a concesión das subvencións nominativas ás entidades que os viñan recibindo en anos anteriores. Ditas axudas municipais son moi necesarias para que poidan seguir desenvolvendo as súas actividades en prol das veciñas e veciños de Redondela. A consignación destas cantidades suporá en todo caso un esforzo adicional para o orzamento municipal.

A Intervención emitiu o seu informe de data 19 de xaneiro 2016.

É por elo que teño a ben propoñer ó Pleno do Concello de Redondela:

1. Aprobación das subvencións nominativas propoñendo as seguintes:

<u>PARTIDA</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>IMPORTE</u>
3341A.48900	Asociación Cultural Xente Titiriteira.....	47.000,00
3411A.48901	Asociación deportiva Islas Cíes-San Simón.....	3.000,00
3411A.48901	CCD Cesantes (XXI Bandeira Bateis).....	2.500,00

No caso de aprobarse procederase a súa exposición pública polo prazo de quince días hábiles no Taboleiro de Anuncios trala súa publicación no BOP; no caso de que non houbera reclamacións á aprobación inicial, esta converteríase en definitiva; no caso de



que houbera reclamacións precisárase dunha nova aprobación por parte do Pleno; e a súa publicación definitiva no BOP.”

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do grupo municipal do PP, as abstencións dos grupos municipais do PSG- PSOE e BNG e o voto en contra do grupo municipal de AER, estimou oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que entérase agora de que non ven a proposta completa que se dictaminou na comisión. Dí que o PP chantaxeou xa hai anos cos convenios porque no seu intre dixo que non ía a haber convenios senón se aprobaban os orzamentos e por outra banda moitas asociacións tiveron que asinar os convenios ao final do ano. Defende que o PP en minoría ten que traer ao pleno os convenios que van a asinar ao longo do ano e dí que non recibiu o formato dos convenios que se traen e a finalidade das axudas.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que coinciden bastante co concelleiro do BNG e que lles sorprendeu que se truxeran a este pleno as subvencións nominativas. Está de acordo en que o PP fixo chantaxe para lograr que se aprobaran os orzamentos tal e como pode comprobarse nas actas dos plenos do mes de xuño 2013, febreiro 2014 e marzo 2015. Indica que agora pretendían traer as subvencións antes de presentar os orzamentos e eles pensaban votar en contra porque era unha cuestión contraria á moción aprobada no último pleno na que pedían que se estableceran criterios para este tipo de subvencións. Vanse a abster para propiciar que se estudien axeitadamente e facilitar que as tres propostas se aproben pero pensan que o PP debería pedir desculpas.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO pregunta se queren traer en febreiro os convenios ou traer o regulamento para regular o seu outorgamento. Non entendían por qué a proposta viña así, contravindo o acordo plenario. Sinala que non se ten traballado nada no regulamento polo que pensan que a cousa irá para longo pero a xustificación de traer eses tres casos concretos parécelles sólida por tratarse de cuestións programadas de xeito inminente. Non están de acordo co xeito de prantexar este tema e pensan que o PP debe traer a súa proposta de orzamentos canto antes.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que estas subvencións nominativas permiten que determinadas asociacións contén cos cartos para as súas actividades ao longo do ano. Pensa que o PSOE ten un problema de comunicación interno con respecto ás cuestións que se tratan nas comisións informativas ás que asisten cada vez unha persoa diferente. Indica que os orzamentos dependen en gran medida de artellar o proxecto Redondela 2020 ao que os socialistas non están facendo aportacións e por iso consideraron necesario adiantar este acordo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a voceira do PP non falou para nada dos convenios relativos ás subvencións. Sinala que hai pouca transparencia xa que sabe que a él mesmo se lle denegou expresamente o acceso a varios expedientes.

O Alcalde dí que iso non é certo e que se o afirma terá que probalo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que para él son prioritarios os convenios de

Concello de Redondela



servizos sociais e agora non se prantexa ningún. Indica que vaise a abster.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que quedou claro que toda a oposición considera que utilizaron as subvencións como chantaxe. Parécelle que hai falta de información porque os convenios se lles facilitaron tarde e despois de pedilos. Insiste en que o PP debería disculparse.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que a voceira do PP non lle respostou qué convenios vai a traer en febreiro ou se vai a traer un regulamento. Considera que o PSOE está a facer moitas aportacións. Insiste en que aínda que piden información non se lle abren os expedientes. Non está de acordo coa afirmación de que esta sexa unha forma adecuada de xestionar cando se está a falar de subvencións a dedo. Anuncia que vanse a abster.

A concelleira AMOEDO DASILVA insiste en que os socialistas non traballan e dí que non están facendo nada ilegal xa que están previstas na normativa estas subvencións. Relaciona algunhas das asociacións favorecidas cun obxecto social moi marcado e dí que o que están a facer é unha presión sobre o equipo de goberno. Rexeita que haxa algún tipo de chantaxe. Dí que ao pleno traeráse o que se decida na comisión, xa que faise para acadar consenso.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbese por maioría dos/as concelleiros/as presentes, sendo 9 votos a favor (9 do PP) e 11 abstencións (6 do PSOE, 4 de AER e 1 do BNG).

4. Declaración Institucional do Concello de Redondela polo Aniversario do nacemento de Rosalía de Castro.

A concelleira París Blanco da lectura a declaración institucional, cun engadido proposto polo BNG que, transcrita, día:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE REDONDELA POLO ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE ROSALÍA DE CASTRO

Rosalía de Castro é un dos símbolos máis poderosos de Galicia. O seu nome está presente aquí e alén mar. A súa produción literaria está traducida a múltiples idiomas, os seus versos cantados en tantos países e o seu rostro presente en tantas casas. Rosalía de Castro converteuse nunha das figuras que mellor representan o noso país.

A contribución da obra rosaliana sobrepasa as fronteiras da literatura galega para expandirse entre os lindeiros da literatura universal. *Cantares gallegos* (1863), a primeira obra escrita integramente en galego, reproduce o compromiso que a autora tiña coa lingua, coas mulleres e co pobo de Galicia. A súa firme vontade e carácter fornecen ao poemario dunha maior transcendencia e un cúmulo de ensinanzas para todos e todas nós. *Follas novas* (1880) é o testemuño íntimo, sincero, rebelde e doloroso de quen non aceptaba unha realidade de fame, emigración, pobreza e esquecemento. En toda a súa obra encontramos a pegada destas ideas e principios que gobernaron a súa vida.



O Rexurdimento supuxo a rehabilitación de Galicia como pobo e cultura. E nese traballo colectivo Rosalía brillou por riba de todos grazas á xenialidade da súa creación literaria e a súa forza como muller disposta a tumbar todos os atrancos e prexuízos creados contra Galicia. Ela deulle a luz necesaria para rematar coa noite dos Séculos Escuros.

Os valores que Rosalía encarna seguen presentes como demandas necesarias para a nosa sociedade: igualdade da muller, xustiza social, solidariedade coa emigración, exaltación da lingua galega ou defensa de Galicia. Así debemos entendela, nun continuo diálogo entre os nosos días e os valores universais que ela propugnaba, un diálogo dende a nosa lingua coas outras linguas do mundo.

O indiscutible mérito de Rosalía merece o noso recoñecemento, honra e difusión. Por este motivo, o Pleno do Concello de Redondela quere expresar, mediante esta declaración institucional, a nosa lembranza e memoria a unha das mulleres máis sobranceiras de Galicia.

Por este motivo, o Pleno do Concello de Redondela, promoverá a declaración do 24 de febreiro como Día de Rosalía, desenvolvendo diversas actividades para poñer en valor a súa obra.”

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 4 de AER e 1 do BNG).

5. Actividades de control do pleno.

5 . 1 Dar conta das resolucións de alcaldía.

O Pleno queda enterado a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Gestiona.

5 . 2 Solicitudes de comparecencia.

Solicitada por AER pedindo a comparecencia do Alcalde sobre as obras de ampliación da AP9.

Solicitud de comparecencia do grupo municipal AER o día 20/01/2017 con número 944 que se transcribe a continuación:

“Ante a incapacidade do goberno local de Redondela para convocar a comisión de seguimento da ampliación da AP-9. Ante a falta de denuncias públicas do goberno local de Redondela en contra dos organismos e empresas que se negan a asistir á comisión de seguimento das obras de ampliación da AP-9. Ante a falta de transparencia do goberno local de Redondela con respecto ás reunións unilaterais que mantén con representantes de Fomento e Audasa de forma habitual. Ante a clara imaxe de portavoz da empresa Audasa que amosa o concelleiro reprobado de Infraestruturas. Ante a falta do uso, por parte do goberno local, das ferramentas xurídicas que posúe o Concello de Redondela na defensa dos intereses da veciñanza. Ante a incerteza sobre o futuro dos servizos públicos que están sendo afectados de cheo pola ampliación da autoestrada sen que o goberno local sexa capaz de dar unha información clara e precisa do que acontece. E ante a falta de resposta, por parte do



gobierno local, aos numerosos rexistros desta Agrupación en relación á ampliación da autoestrada AP-9.

Dadas todas estas dificultades que se amosan na ampliación da AP-9, **solicitamos a comparecencia do Alcalde** para que dea as explicacións necesarias ao pleno e a toda a veciñanza de Redondela, especialmente á de Chapela, sobre a situación actual e perspectivas actuais destas obras.”

O concelleiro Varela Couñago indica que despois de presentar esta solicitude de comparecencia hoxe tiveron noticia de que a comisión foi convocada para o día 17 de febreiro.

O Alcalde sinala que isto foi un proceso que ven de atrás e nestes últimos anos a realidade foi distinta en cada momento. Dí que a postura foi primeiramente de rechazo pero despois houbo que acata-los feitos. Indica que nunca houbo máis información con respecto a unha infraestrutura e pon como exemplo á obra do AVE en Redondela. Sinala que o concelleiro González Barbeiro está a realizar unha labor diaria de contacto con todos os afectados e colectivos e hai transparencia total. Pensa que o traballo do mesmo é magnífico e parécelle falso afirmar que a xente non está informada. Indica que está sempre tratando de escoitar e dicindo a verdade aos veciños aínda que pensen que realmente esta obra é innecesaria para Chapela e vai a facer moito dano. Dí que Alberto Pazos levou ao parlamento a proposta aprobada no pleno sobre a insonorización da zona e que cando se prantexou o tema das clases do instituto tamén estiveron alí para tratar de resolver a situación. Sinala que xunto cos afectados se fixo un documento para establecer as esixencias con respecto ás afeccións dos servizos públicos e xa está admitida a viabilidade das propostas por parte de Audasa e Fomento, polo que quería ter claro isto antes de que se convocara a comisión de seguemento e este foi o motivo do retraso. Dí que hai un tremendo traballo detrás de todo isto e a adicación do citado concelleiro é absoluta. Tamén indica que o colexio non ía a cambiarse de sitio e somentes expropiaban unha pequena parte e se fixo unha xestión para resolver o problema urbanístico que se prantexou, cousa que agora está en marcha porque pensan que teñen que estar canto antes. Dí que non cambiaron de posición e se queren algunha información específica non teñen máis que pedila.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que cando o PP estaba na oposición tampouco se preocuparon moito desas infraestruturas das que fala. Non confían no Alcalde xa que pensan que se poden facer moitas cousas. Da lectura ao seguinte escrito:

“-Dea conta dos motivos que alegan Fomento e Audasa para non querer asistir á comisión de seguimento da AP-9.

-Dea conta se o goberno local ve operativa a comisión de seguimento da AP-9 e se considera que esta comisión está solucionando os problemas da veciñanza afectada.

-Dea conta de que administracións son as que están retrasando o proxecto do traslado do colexio Igrexa de Chapela.

-Dea conta das obras e gastos con fondos do Concello que se teñen que realizar para o traslado do colexio Igrexa de Chapela.

-Dea conta do motivo polo que o goberno local se conforma coa construción dun muro no colexio Igrexa para que Audasa e fomento poidan abrir ao tráfico a ampliación nese tramo antes de que o centro sexa trasladado.

-Dea conta do motivo polo que Fomento e Audasa se desentenden do traslado da oficina de Correos de Chapela.

Concello de Redondela



-Dea conta se as pasarelas peonís que cruzan AP-9 cumpren a normativa e de que trámites está a facer o Concello para que a pasarela da subida ao Mouríño a poidan utilizar persoas con discapacidade.

-Dea conta se Fomento e Audasa teñen partida orzamentaria para realizar as reposicións de servizos que reclaman os colectivos sociais de Chapela e se xa está rematado o estudo da empresa G.O.C de tódolos tramos do municipio que precisan reposicións.

-Dea conta do motivo polo que Fomento e Audasa non expropiaron o edificio da rúa Fonte Cornido como demandan os seus residentes , se ao outro lado da autoestrada expropiaron unha vivenda nas mesmas condicións.

-Dea conta do estado no que se encontran os tramites de expropiación da vivenda do barrio de Cabanas na que a ponte invadiu de forma aérea as súa parcela.

-Dea conta das xestións que está realizando a Concellería de Urbanismo sobre as afeccións da lei de estradas que causarán perda patrimonial en propiedades municipais, particulares e o impedimento do desenrolo urbanístico dos barrios afectados unha vez rematada a ampliación da AP-9.

-Dea conta de se a reforma do paso elevado que comunica a estrada nacional coa parroquia de Trasmañó cruzando a AP-9 é suficiente e axeitada para ter unha boa comunicación rodada da mesma. E se o goberno local aproba a proposta de Audasa e Fomento.

-Dea conta do seguimento que está realizando a Concellería de Cultura sobre o xacemento arqueolóxico do Castelo de Rande

-Dea conta do seguimento que a Concellería de Medio Ambiente está realizando sobre as augas de escorrentía e balsas de decantación das obras da AP-9.

-Dea conta do seguimento que está realizando a Concellería do Medio Mariño sobre a posible afección dos bancos marisqueiros do municipio.

-Dea conta de cantos técnicos municipais ten o Concello traballando no seguimento e control das obras da AP-9. Acredite con informes dos mesmos.

-Dea conta da previsión que teñen Fomento e Audasa para a colocación de pantallas acústicas na AP-9, e se a partida orzamentaria vai ir a cargo do proxecto de ampliación.

-Dea conta do estado no que se atopa o traslado do transformador eléctrico da rúa Estrada O Torreiro, e se o Concello informou das molestias que poden causar as obras aos veciños e o establecemento hostaleiro que lindan coa nova localización.

-Dea conta do motivo polo que o goberno local non mandou aos axentes da Policía Local aos cursos de formación para que poidan certificar medicións do ruído, tal e como se comprometeu o alcalde neste pleno hai agora máis de un ano.

-Dea conta do motivo polo que o alcalde segue mantendo ao Concelleiro reprobado de Infraestruturas ao fronte do maior desastre que sofre o municipio de Redondela nas últimas décadas.

Un Concelleiro que alí por onde pasa causa conflitos coa veciñanza afectada. A veciñanza no ten porque soportar as súa falta de profesionalidade, educación e cortesía. A imaxe que dá é máis ca dun empregado de Audasa, que a dun representante da cidadanía de Redondela.”

O Alcalde di que a meirande parte das cousas das que fala están respostadas nos plenos. Indica que AER quere o follón polo follón e que o certo é que os veciños están a soportar algo horroroso e xa sabían que ía ser un problema ao que tratan de dar solución do mellor xeito posible. Indica que o novo colexio non estaba no proxecto orixinal e acadaron un colexio novo pagado por Audasa. Tratan de que despois da ampliación o que quede sexa mellor para os veciños. Dí que hai xestión e preocupación pero non bronca por bronca para sacar adiante cousas que non están



dentro do contrato, sumando cos veciños aínda que poidan existir posturas diferentes, xa que as melloras hai que negociarlas. Dí que hai medidas de control de vertidos que eles mesmos puideron comprobar. Dalle a sensación de que non controlan o día a día das obras. Non lle pareceu procedente convocar unha comisión estéril cando sabía que estaban buscando os fondos para acadar un acordo sobre as melloras.

5.3 Mocións.

5.3.1. Moción do BNG sobre reprobación do Alcalde de Redondela pola súa actitude na Asemblea Constituínte da Área Metropolitana de Vigo.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do BNG o día 23/12/2016 con número 20.257 que se transcribe a continuación:

“Con data 23 de abril de 2012, publicábase no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2012, de 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo, aprobada polo Parlamento de Galicia, cos únicos votos a favor do Partido Popular. A nefasta xestión levada por parte do Goberno Galego, coa que se levou a cabo a posta en marcha desta Lei, supuxo unha parálise ata pasadas as eleccións municipais do ano 2015, no que se volveu a retomar o traballo para unha mellora do texto.

A Área Metropolitana de Vigo, conformouse cos concellos máis directamente vinculados a esta urbe, na que conviven arredor de 500.000 habitantes. Inicialmente os concellos de Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Soutomaior, Mos, O Porriño, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Gondomar, Nigrán, Baiona, Cangas, Moaña, Vigo e Redondela pasaron a formar parte desta Área, na que o noso concello, como o segundo máis poboado, adquire un especial protagonismo.

As competencias que a Lei recolle refírense ás áreas de promoción económica e emprego; servizos sociais; turismo; promoción cultural; medio ambiente; prevención e extinción de incendios; protección civil e salvamento; ordenación territorial e planificación urbanística;

O 12 de xullo de 2016 apróbase definitivamente no Parlamento Galego, o novo texto consensuado cos 14 alcaldes e alcaldesas da Área. O texto publicouse no DOG o día 1 de agosto de 2016. Foi nas áreas de gobernanza e nas funcións competenciais, onde o novo texto, sufríu maiores modificacións. En canto ao primeiro, a emisión do voto ponderado na xunta de goberno metropolitano xunto á representatividade das vicepresidencias, serían os aspectos máis destacados. Refórmase igualmente a presidencia da comisión de ordeación do territorio e urbanismo.

No novo texto do ano 2016, recóllese a posibilidade da entrada de novos concellos, e a flexibilidade dos que a conforman para abandoala. En canto ao financiamento da Área, establécese que será vía aportacións dos concellos, e cesións tanto da Deputación, como da propia Xunta. Igualmente contéplase a integración e coordinación do transporte urbano e interurbano, no transporte metropolitano.

Con data 12 de abril de 2016, en sesión plenaria extraordinaria do Concello de Redondela débátese e apróbase por maioría, as Modificacións do Texto de Lei da Área



Metropolitana de Vigo.

Na sesión plenaria do 8 de setembro de 2016, nomeouse @s representantes do Concello de Redondela, a quen lle corresponde segundo a propia Lei da Área Metropolitana en función da poboación (entre 20.001 e 50.000 habitantes), o alcalde do concello como membro nato, máis 3 concelleir@s. No caso de Redondela, 1 do PP, 1 do PSOE, 1 de AER, segundo os resultados eleitorais das eleccións municipais do ano 2015.

Con data 1 de decembro de 2016, constituíuse a Asemblea da Área Metropolitana de Vigo, coa presenza de 14 alcaldes e alcaldesas, e un total de 53 concelleir@s de diferentes forzas políticas (PSOE, PP, BNG, Mareas, AER, Movemento Salceda, Alternativa Canguesa de Esquerdas, Gañemos).

Nesta sesión constitutiva, o total de representantes do Partido Popular, co alcalde de Redondela, Javier Bas, ao fronte decidiron abandonar o Plenario. Como rexedor do noso concello, argumentou que se o transporte urbano de Vigo, non entraba de inmediato no transporte metropolitano, a Área non tiña sentido.

Nas xornadas seguintes, todo foron descalificacións por parte de membros do Partido Popular, tanto local como nacional, co vicepresidente Alfonso Rueda, cualificando de “chiringuito” a Área Metropolitana.

A decisión adoptada polo alcalde de Redondela, Javier Bas, vai en contra das encomendas que como rexedor, lle outorgaron os e as redondeláns. No canto de defender os intereses colectivos, plegouse aos intereses da súa organización política; o Partido Popular.

Para o Bloque Nacionalista Galego, a constitución e conformación da Área Metropolitana, converteuse nun dos principais obxectivos políticos das últimas décadas, co obxecto de permitir unha mellor xestión de recursos, unha mellora na atención ás necesidades e demandas cidadás, xunto a unha cesión de competencias por parte dos concellos, Deputación e Xunta, evitando as duplicidades administrativas. O diálogo e o debate entre as partes implicadas, deberon ser, para esta organización a base de calquera principio de acordo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita por parte do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Redondela, a adopción do seguinte **ACORDO**

1. A reprobación do alcalde-presidente do Concello de Redondela, ao abandonar a Asemblea Constituínte da Área Metropolitana, en contra dos intereses dos e das redondeláns.”

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que comparten a exposición do BNG na moción e suxiren que se amplie ao feito de que o Alcalde non está a asistir ás xuntas de goberno convocadas posteriormente. Entenden que na asemblea os representantes o son dos seus grupos políticos e di que o que fixeron os dous representantes do PP de Redondela na mesma foi irresponsable. Indica que o



Concello de Vigo convocou a assemblea na data límite e que foi como un teatro montado para maior gloria de Abel Caballero por unha banda e para montar o número por parte do PP, por outra, cunha falta de respecto absoluta aos cidadáns da área. Considera que na xunta de goberno, o Alcalde debería defender os acordos plenarios de Redondela e que este non utiliza o mesmo criterio para outros convenios que financia a Xunta de Galicia como o do Centro de Día de Cesantes e que non benefician aos veciños aos que representan.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que hai que distinguir un primer momento en que o PP tivo unha desafortunada actuación ao constituírse a Área Metropolitana, xa que foron a dinamitala. Considera que foi un desastre e una acción antidemocrática e a primeira vez que unha assemblea é abandonada polos asistentes a pesares de que a Área é moi necesaria para os veciños afectados. Indica que o Alcalde non está representando a Redondela na xunta de goberno e iso é importante porque ahí non representa ao seu grupo político e debe defender os intereses dos veciños, cousa que non está a facer. Estima que poideron xudicializar o transporte metropolitano e que en caso de discrepancia, como sucede, debería resolverse no eido contencioso-administrativo pero non coa Área no seu conxunto que é importante noutros moitos aspectos.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que non lle parece de recibo que se reprobe ao Alcalde por defender os intereses dos redondeláns. Sinala que o BNG antepón as directrices a nivel galego para defender ao seu socios na deputación provincial dando satisfacción a Abel Caballero que quere facer o contrario ao que asina. Refírese a lei da Área na súa redacción inicial e ao feito de que no transporte Vigo quedaba fora e un ano e tres meses despois asinou o convenio correspondente que agora non acata. Considera que a organización do pleno constitutivo foi un desastre e que ao concelleiro do BNG fáltalle un coñecemento directo dos feitos. Dí que non é certo que abandonaran a sesión senón que a mesma foi suspendida polo presidente da mesa de idade e non foi retomada. Parécelle que están facendo unha traizón ao pobo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o Alcalde mentiu aos veciños e aos voceiros na xuntanza previa na que se acordou defender os intereses de Redondela. Indica que non houbo ningunha razón de peso para abandonar a assemblea constituinte. Considera que o Alcalde non está lexitimado e por coherencia tería que propor ao pleno abandonar a Área Metropolitana. Pensa que están metidos nun lío seguindo ás directrices do PP en Compostela e que foi unha vergoña o que fixo na assemblea constituinte. Non considera de recibo mixturar a Área co transporte metropolitano, cando é algo moito máis amplo.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que por parte de AER non se lle rendeu pleitesía a Abel Caballero e non lle parece de recibo que se sorprendan da súa actuación. Non lle pareceu que tivera sentido a suspensión da sesión aínda que non estivera de acordo en cómo se montou a cousa polo Concello de Vigo. Sinala que o importante non é o transporte xa que eles sempre estiveron en contra disto.

O concelleiro REGUERA OCAMPO refírese a unha intervención do concelleiro González Barbeiro nun pleno do ano 2014 no que sinalaba que o transporte e a Área Metropolitana poderían ir por separado. Refírese tamén ao feito de que o secretario da Área sinalou que non había causa nin razón legal para a suspensión pero non quixeron facer caso. Sinala que hai moitos aspectos nos que debía estar defendendo a Redondela na xunta de goberno.

Concello de Redondela



A concelleira AMOEDO DASILVA di que o señor Reguera fíxose un lío e consideran que fan a dicir sí ao que propuxera o Alcalde de Vigo. Dí que a lei di claramente que a efectiva posta en marcha da Área ten que ser previa a incorporación efectiva do transporte urbano de Vigo. Considera que o Alcalde non acude á Xunta de Goberno porque a Área non está legalmente constituída e que están a apoiar a alguen que asina unha cousa e logo fai outra. Non entende a postura de AER a esta moción.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que foi unha estratexia do PP sabotear a constituición da Área porque foron prantexando un atranco tras outro para non ceder competencias e bloquear unha institución que non controlan, actuando de xeito fundamentalista facendo o mesmo que recriminan aos demais. Considera que se seguen a presionar o transporte de Vitrasa en Chapela e en Negros pode desaparecer.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, co engadido no apartado do acordo, seguinte: “*e por non asistir a xunta de goberno da mesma Area*”.

Apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 11 votos a favor (6 do PS de G-PSOE, 4 de AER e 1 do BNG) e 9 en contra do PP.

5.3.2. Moción de AER sobre Aqualia

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal AER o día 20/01/2017 con número 943 que se transcribe a continuación:

“Transcorrido un tempo prudencial dende o acordo do pleno no que se determinou denunciar o contrato con Aqualia para o servizo de abastecemento de auga e saneamento.

Considerando a complexidade que require a análise dos datos referidos ao cumprimento de dito contrato.

Entendendo que existen causas suficientes para dudar dos custes abonados a dita empresa en base a uns compromisos de financiamento de obras que deben ser acreditadas.

A Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

1.- Constitución dunha comisión de estudo, formada polos representantes dos grupos políticos así como dos técnicos que se precisen, que determine cando menos:

- a) Verificación das inversións comprometidas no contrato.
- b) Verificación dos datos de custes e ingresos recibidos nos informes enviados, referidos a gastos e consumos.
- c) Actualización de datos de usuarios e planimetría das infraestruturas.
- d) Comprobación das inversións para a mellora da EDAR de Redondela.”

INTERVENCIONS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que desexan ter máis información xa que parécelle que o axeitado é que este tema pasara pola comisión de servizos privatizados na que hai representación doutros colectivos.



O concelleiro REGUERA OCAMPO di que están de acordo en que sexa a comisión de servizos privatizados a que interveña nesta cuestión. Sinala que no acordo plenario sobre Aqualia propuxeron que en cinco meses se elaborara unha proposta de posibles alternativas para dito servizo e pregunta se se fixo algo ao respecto.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que algunhas destas cuestións se trataron xa na comisión de servizos privatizados. Indica que en canto aos técnicos dos que fala a moción pode haber dificultades xa que por exemplo o interventor e o enxeñeiro, que deberían ao mellor intervir, teñen unha carga de traballo moi grande e deberían desatender outros cometidos.

O concelleiro CRESPO ABAL di que non teñen problema en que vaia á comisión de servizos privatizados aínda que consideran que cando se prantexou na mesma non se levaron todos os datos. Dí que non se convoca cada 15 días e traen esta moción para chamar a atención. Dubidan dos datos que aporta a empresa. Pensan que tamén se pode contratar a unha empresa solvente para facer unha auditoría de Aqualia se os técnicos municipais non teñen tempo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que está de acordo en denunciar a inoperatividade desta comisión a fin de que se adopten as medidas necesarias para que funcione axeitadamente. Considera que non hai vontade de controlar este tipo de contratos por parte do equipo de goberno.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que os técnicos teñen unha carga de traballo importante pero o goberno terá que buscar unha solución aínda que está convencido de que non lles interesa. Indica que AER xa prantexou estas cuestións na comisión e non se lles respostou e agora ao mellor pasa o mesmo con este acordo.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que cando gobernaba o señor Reguera non convocaron ningunha comisión de servizos privatizados polo que non está lexitimado para o que di. Indica que de facer esa comisión cada 15 días somentes van a estar dous grupos e que adoptaron o acordo de denunciar o contrato sen facer previamente un estudo polo miúdo das posibles alternativas e terán que aterse ás consecuencias.

O concelleiro CRESPO ABAL di que a comisión púsoxe en marcha por presión de AER. Indica que para cando acabe o contrato e para garanti-la reversión hai que tomar medidas e que se ten que comprobar que se fixeron as cousas previstas no mesmo porque consideran que hai cousas que non cadran.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometida a moción a votación segundo o detalle contido na proposta coa modificación de pasar a cuestión para o seu estudo por parte da comisión de servizos privatizados, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 4 de AER e 1 do BNG).

5.3.3. Moción do PS de G-PSOE sobre colocación paso de peóns e grupo semáforico na zona do Muro(N-550)

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal PSdeG-PSOE o día 28/06/2016 con número 9723 que se transcribe a continuación:



“Na zona do Muro atópase un núcleo importante de poboación, comercios e un tramo do Camiño de Santiago de Compostela cun tránsito diario de milleiros de persoas ao día. No devandito lugar, aumenta o perigo dos viandantes xa que carecen de pasos de peóns e grupo semaforico onde conflúen dous viais, a N-550 coa estrada de entrada a unha das zonas urbanas da nosa vila.

Dende hai anos, o Grupo Municipal Socialista veu solicitando aos Orzamentos do Estado a colocación de paso de peóns e grupo semaforico na Estrada do Muro (N-550) no p.q.143-144, para incrementar a seguridade vial debido a que é un tramo de estrada onde tivo lugar graves accidentes. A contestación que recibimos por parte do Estado foi unha negativa tras outra negativa á nosa petición.

Por todo o exposto, solicítase ao pleno da corporación municipal o seguinte

ACORDO:

1. Que se inste ao Goberno de España á colocación de paso de peóns e grupo semaforico na Estrada do Muro (N-550) no p.q.143-144.
2. Que se o Concello de Redondela informe a todos os grupos da oposición de todas as xestións realizadas pola administración local para diminuír a perigosidade no p.q. 143-144.”

INTERVENCIONS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a moción afecta a unha estrada nacional, a 550, que é complicada e tamén ao camiño de Santiago que se cruza de xeito moi perigoso con esta estrada, pero parece que a Fomento non lle interesa moito. Tamén habería que ter en conta os accesos dende Quintela e Saxamonde que son complicados e habería que facer un estudo para melloralos.

O concelleiro CRESPO ABAL di que tiñan unha moción preparada á que da lectura:

“Recentemente, o Ministerio de Fomento de cara a solucionar a problemática de seguridade viaria polo cruce de peóns e peregrinos que a estrada nacional N-550 ten nas intersección deste vial co Camiño de Santiago, procedeu a instalar sinais verticais de advertencia que indican perigo pola presenza de peóns, incluíndo un botón que ao accionalo se produce o parpadeo de tres sinais luminosas que posúe o sinal. O Ministerio de Fomento non instalou pasos de peóns nin grupos semaforicos, polo que ningún vehículo ten a obriga de ceder o paso aos peóns, unicamente de estar alerta pola posible presenza de peóns ou peregrinos cruzando.

Dende a Agrupación de Electores (AER) esta medida parécenos totalmente inadecuada e insuficiente. Inadecuada pois as persoas que queren cruzar poden interpretar que pulsando o botón xa teñen preferencia sobre os vehículos, o que non é certo, e insuficientes pois os vehículos non teñen a obriga de parar. Unicamente a instalación destes sinais acompañados dun paso de peóns tería efectividade de cara á seguridade viaria destas interseccións, tan concorridas por peregrinos e a veciñanza de Redondela. Seguramente en ambos casos o máis efectivo sería a instalación dun paso de peóns regulado por un grupo semaforico.

No caso de Cesantes cabe indicar que a veciñanza xa leva demandado no entorno do colexio e na zona de cruce de peregrinos melloras na seguridade viaria. Estas reivindicacións están recollidas no correspondente consello parroquial paralelamente á demanda de construción de beirarúas na zona pola perigosidade real existente. A mellora do cruce da estrada neste caso poderíase estudar para que puidesen cruzar



os peregrinos, a veciñanza e os cativos que tódolos días teñen que atravesar a estrada nacional para ir ao colexio público. A instalación dun paso de peóns regulado fronte ao Colexio de Cesantes podería resolver ambos problemas. De feito, é habitual que polas mañás a policía local teña que asistir ao lugar a regular o tráfico e velar pola seguridade das cativas á hora de acceder ao colexio.

No caso de Vilavella, na zona de O Muro, os sinais foron instalados xustamente nunha curva e na localización onde a estrada é máis ancha. Dende AER consideramos que instalando estes sinais uns metros máis arriba dirección Porriño, a seguridade viaria melloraría xa que a zona de cruce situaríase en plena recta con boa visibilidade. Obviamente a medida seguiría sendo insuficiente sen o pintado do correspondente paso de peóns.

Por estes motivos, e observando un baleiro importante neste senso, propoñemos os seguintes ACORDOS:

- Que o goberno local de Redondela e máis do Ministerio de Fomento tomen as medidas necesarias e adopten as oportunas melloras na seguridade viaria para acadar, realmente e de xeito eficaz, a seguridade da veciñanza e dos peregrinos que visitan o noso concello á hora de ter que cruzar nas interseccións do Camiño de Santiago coa estrada N-550 nas parroquias de Vilavella e de Cesantes.
- Que o goberno local de Redondela se poña en contacto de maneira inmediata e de xeito reiterado co Ministerio de Fomento para que este asuma seriamente e eficazmente a súa responsabilidade no que respecta a seguridade viaria da N-550.
- Que o goberno local de Redondela aproveite estes contactos para esixir do Ministerio de Fomento outras demandas históricas da parroquia de Cesantes como son a construción de beirarúas nos tramos máis urbanizados da N-550, nomeadamente no entorno do colexio Público de Cesantes, e a dotación de puntos de luz na estrada dende Cesante dirección a Arcade.”

O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que se fixeron peticións a Fomento con respecto a este e outros puntos porque é unha vella reclamación e esperan que desta vaia porque están moi preocupados pola seguridade viaria. Propón que se solicite buscar un punto adecuado para a instalación dos semáforos que sexa o mellor para o servizo dos veciños da zona entre o cruzamento do camiño dos Frades e o convento de Vilavella a fin de que os técnicos de Fomento decidan sobre o punto exacto de acordo coa normativa e o que sexa mellor para os usuarios. Refírese tamén á petición reiterada de mellora para o paso dos peóns na nacional 555, no alto de Cesantes.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que están todos de acordo en que hai que por un grupo semaforizado na zona do Muro e en Cesantes e están de acordo en aceptar que sexa o punto máis axeitado. Refírese a enmendas presentadas a nivel nacional aos orzamentos do Estado para a inclusión de actuacións importantes para a mellora dos peóns. Sinala que o número de peregrinos é importante, 56.000 no ano 2016, e non mirou ningunha proposta para mellorar o camiño a pesar de que resulta imprescindible tomar medidas canto antes.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que é escéptico con respecto ao que dí o PP xa que considera que non teñen peso específico. Pon como exemplo de mellora as estradas nacionais ao seu paso por Pontearreas, onde non goberna o PP.

O concelleiro CRESPO ABAL releo parte do seu escrito.

Concello de Redondela



O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que algunha das obras sufriu un retraso pola necesidade de expropiar previamente. Sinala que a sinalización actual é confusa.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que é grave que o concelleiro de tráfico diga que unha sinal pode inducir a error polo que debería rectificala, xa que por alí pasan miles de persoas.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a moción a votación, incorporando “que tamén se reclama a instalación dun grupo semafórico no paso dos peóns na nacional 555, no alto de Cesantes e na zona do Muro se instale no punto máis axeitado entre o cruzamento do camiño dos Frades e o convento de Vilavella”, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PSOE, 4 de AER e 1 do BNG).

5 . 4 Rogos e preguntas.

Pregunta PSdG-PSOE sobre a posta en marcha da base de contenedores de Rande. (Rex.Entrada 25.01.2017, 2017-E-RC-1.112)

“O 10 de xaneiro de 2017, a prensa publicaba “Portos destina 1,5 millóns á base de contenedores de Rande”. Dentro da nova recóllese “o financiamento contéplase dentro do apartado ‘última milla’, co que o Estado avala proxectos para a mellora do transporte de mercadorías... Coa devandita achega a Autoridade Portuaria poderá poñer en marcha o plan de empresa para 2017 á construción dos accesos viarios necesarios para que a plataforma de colectores de Rande, construída fai dez anos (entre 2007 e 2009) ”.

O plan de empresa que foi elaborado en outubro, realizará un proxecto para dotar á terminal de Rande dunha entrada para os camións e mellora da descarga por mar. Segundo as palabras do titular de Porto, Enrique López Veiga, “que unha superficie baleira e sen uso teña utilidade portuaria” xa que ata o momento utilizábase como aparcadoiro do Museo Meirande, aparcadoiro de gabarras e para realizar prácticas de condución de camións debido ao permiso dado por Porto de Vigo.

PREGUNTAS:

1. Cal é a postura do Goberno Municipal do PP de Redondela en relación ao plan empresa para a posta en marcha da base de contenedores de Rande? ”

Resposta.- O Alcalde sinala que tratan de que aquilo poida ser utilizado para o Meirande. Está prevista unha xuntanza para ver unha serie de cuestións coa autoridade portuaria aínda que teñen claro que o criterio desta é facer rendibles eses terreos.

Pregunta PSdG-PSOE sobre o Porto de Cesantes. (Rex.Entrada 25.01.2017, 2017-E-RC-1.113)

“A principios do mes de xaneiro do ano 2011, o presidente do ente público Portos de Galicia, José Manuel Álvarez Campana, na súa visita a Cesantes cando se aproximan as eleccións, presentaba por segunda vez un programa de investimentos na zona portuaria desta parroquia de Redondela. Tratábase do Plan para a remodelación integral do Porto de Cesantes onde supostamente Portos de Galicia investiría arredor



de 6 millóns de euros na mellora e reordenación do Porto de Cesantes.

O programa incluía dez actuacións, deseñadas por Portos de Galicia a executar co obxectivo de poñer en valor un porto que, ata o momento, sofre claras deficiencias, atopándose pouco aproveitado, pese ao seu potencial de actividade profesional. As achegas destinaríase á: creación dun dique aboiante, zona de varada para travellift, departamentos para usuarios, edificio de servizos náutico e recreativos, nova lonxa (único predio construído), demolición do dique actual que sería substituído polo citado dique aboiante, pontes de paso de auga, urbanización da contorna, dragado e expropiación dunha parcela necesaria para a ampliación das instalacións.

No pleno do 26 de novembro de 2015, debatíase unha moción do PSdeG-Redondela sobre a remodelación do Porto de Cesantes que foi aprobada por unanimidade. Dentro dos acordos, atopábase que na maior brevidade posible, o Sr. Alcalde de Redondela informara á xunta de voceiros e voceiras sobre os compromisos orzamentarios e datas de comezo e remate previsto das obras a realizar no Porto de Cesantes e que o alcalde de Redondela reclamara o compromiso de Portos de Galicia co desenvolvemento definitivo das instalacións portuarias de Cesantes. No mesmo pleno, a concelleira Amoedo Dasilva afirmou “hai prevista unha xuntanza para ver cómo se executará o resto deste proxecto sen que haia marchas atrás”.

A día de hoxe, seguimos esperando pola información do equipo de Goberno Municipal do PP de Redondela. Cabe destacar que na reunión de Medio Mariño celebrada o pasado luns 23 de xaneiro de 2017, o actual e o anterior Concelleiro de Medio Mariño non tiña coñecemento de como estaba o trámite, nin que non aparecía o Porto de Cesantes nos orzamentos presentados polo PP á Xunta de Galicia 2017.

PREGUNTAS:

1. Se representantes do Goberno Municipal do PP de Redondela reuníronse pola remodelación do Porto de Cesantes como afirmaba que farían hai un ano a Concelleira Amoedo Dasilva, por que non informaron aos grupos da oposición? Que información obtiveron de Portos de Galicia despois de 6 anos de promesas? Se é que fixeron trámites, por que os orzamentos do PP á Xunta de Galicia 2017 non inclúen o Porto de Cesantes? ”

Resposta.- O Alcalde sinala que nesta obra hai varias fases. Despois da lonxa se realizou un estudo para acometer a seguinte actuación. Hai intención de compartilo resultado próximamente para entre todos os afectados tomar a decisión máis axeitada.

Pregunta PSdG-PSOE sobre o farol no alto do Viso. (Rex.Entrada 25.01.2017, 2017-E-RC-1.114)

“A veciñanza do Alto do Viso deu traslado ao Grupo Municipal Socialista que hai meses, na praza da Estrada do Alto do Viso, foi retirado un farol debido a súa mala conservación. O oco que se produxo pola retirada de dito farol foi tapado polos operarios do Concello de Redondela.

A día de hoxe, o farol aínda non foi repostado ademais de non realizarse ningunha actuación de mantemento tan necesaria nese lugar.

PREGUNTA:

1. Ten pensado o Goberno Municipal do PP de Redondela repoñer o farol e facer o mantemento na praza da Estrada do Alto do Viso? ”

Resposta.- A concelleira BARCIELA BARROS di que é unha praza de 15 m2 e non procede colocar outra farola xa que a zona está perfectamente iluminada.

Concello de Redondela



Rogo PSdG-PSOE sobre cableado. (Rex. Entrada 25.01.2017, 2017-E-RC-1.115).

“Polas rúas do casco vello (Rúa Cruceiro, Rúa Loureiro e Rúa Campo das Redes) transitan milleiros de peregrinos e peregrinas ao ano, xa que dúas das ditas rúas atópanse dentro do percorrido do Camiño de Santiago.

Sen embargo, hai postes con cableado de media tensión en mal estado, chegando moitos a estar oxidados e con amarres rotos dende hai máis dun ano. Isto amosa, unha total e nula falta de mantemento.

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para:

A realización dun estudo sobre o estado do cableado en ditas rúas e ter en conta o soterrado.”

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte tres horas e cincuenta minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-